

Martes, 30 de xaneiro de 2024

Núm. 21

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****TUI****Outros documentos, notificacións e informacións públicas***RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- DELEGACIÓNS DE FUNCIONS DE ALCALDÍA**ANUNCIO*

Con data 23 de xaneiro de 2024, o Sr. Alcalde ditou resolución co seguinte teor literal:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- DELEGACIÓNS DE FUNCIONS DE ALCALDÍA.

Visto que a corporación municipal foi constituída en sesión extraordinaria celebrada o pasado día 17 de xuño de 2023 e visto o Decreto 2023-0885 de data 4 de xullo de 2023 polo que a Alcaldía, no exercicio das potestades de autoorganización e de conformidade co réxime xurídico de delegación de competencias de Alcaldía previsto nos artigos 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, arts. 43 e 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, estruturou o exercicio de goberno das competencias municipais en diferentes áreas de delegación.

Visto que por razóns fundamentadas no funcionamento ordinario dos servizos resulta necesario reconfigurar as delegacións conferidas, dentro dos límites previstos no artigo 43 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Considerando que o artigo 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 61.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, establecen a relación taxada das competencias e atribucións que son susceptibles de delegación.

Tendo en conta o réxime xeral de delegacións entre os órganos necesarios previstos nos artigos 114 ao 118 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), así como o sinalado nos artigos 43 a 45 do mesmo texto legal, esta Alcaldía, en virtude das competencias que confire o artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 62.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, RESOLVE:

PRIMEIRO.- Outorgar aos/ás Concelleiros/as que a continuación se indican, as seguintes delegacións xenéricas, conforme ao artigo 43.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) e para a dirección e xestión dos servizos que a continuación se relacionan, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros:



Martes, 30 de xaneiro de 2024

Núm. 21

- Ana María Núñez Álvarez: Emprego e Formación, Comercio, Igualdade, Turismo, Patrimonio e Conxunto Histórico.
- Miguel Méndez Moreira: Economía e Facenda, Urbanismo, Arquitectura Pública, Planeamento, Espazos Naturais e Áreas de Lecer e Parque Móbil.
- Rafael Estévez Martínez: Obras, Medio Rural, Xestión de Residuos, Limpeza Viaria e Deportes.
- María Sonsoles Vicente Solla: Ensino, Cultura e Mocidade.
- Ismael Diz Garrido: Servizos Sociais e Medio Ambiente.

SEGUNDO.- A dirección e xestión das áreas de Persoal, Seguridade e Protección Civil, Novas Tecnoloxías, Eurocidade, Relacións Supramunicipais e Coordinación de Proxectos quedan de competencia da Alcaldía.

TERCEIRO.- A presente resolución surtirá efectos a partir do día seguinte ao da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 44.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

CUARTO.- Notificar o presente acordo aos interesados para a súa aceptación expresa ou tácita, así como a todos os Departamentos, Áreas e Servizos do Concello de Tui, e dar conta desta Resolución ó Pleno Corporativo na vindeira sesión que se celebre.”

O que se comunica para coñecemento e efectos.

Tui, o Sr. Alcalde, Enrique Cabaleiro González.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

